




AS CATEDRAIS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 1 km
Dificultade: baixa
Duración: 1 hora



Un dos puntos de destino máis emblemáticos e coñecidos da costa galega que resulta atractivo en calquera época do ano. No verán podemos aproveitar a calidade e a finura da area da súa praia, no inverno podemos gozar do espectáculo de auga e espuma que provoca o bater do mar contra os cantís e en calquera tempo gozar da paisaxe, dos amplos horizontes e da variedade de formas que o traballo do mar, escultor incansable, foi quen de crear nas rochas. E, se somos máis esixentes e observadores percorrer cada recuncho e admirar os milleiros de detalles que cada un deles ofrece e a vida que se instala neles.


A praia de Augas Santas, coñecida co nome turístico de Praia das Catedrais foi declarada Monumento Natural en novembro de 2003, e forma o núcleo dun Espazo Natural protexido como LIC que abrangue a costa desde a punta Corbeira ata a punta do Gallín e un tramo do curso baixo do Regueiro da Barranca que desemboca na praia de Arealonga. Está considerada tamén como Lugar de Interese Xeolóxico.

É unha área costeira na que alternan cantís, cabos, illotes e praias. O maior interese reside nos cantís traballados polo mar nos xistos e areiscas da rasa de Ribadeo. A forza do mar e a disposición dos estratos da lugar a formacións moi curiosas e espectaculares: arcos, furnas, illotes, columnas, buratos (bocas do inferno)...

COMO CHEGAR

Para acceder á praia vaise desde Barreiros ou desde Ribadeo, onde hai indicacións. Podemos completar a viaxe percorrendo algunha das rutas que seguen a beiramar. Hai que escoller moi ben o día e a hora, xa que para poder gozar plenamente da magnitude do lugar e á vez poder achegarnos a cada recuncho, é preciso buscar un día de mareas vivas e ir á hora da marea baixa. Como guía podemos consultar o horario de mareas para Ribadeo.





Os arcos que semellan os contrafortes dunha catedral, dan nome a este singular monumento xeolóxico da Mariña de Lugo. Cando enche a marea apenas queda espazo no que estar, pero un paseo pola parte alta dos cantís permítenos outra visión do lugar.





Furna



Lapas ao abrigo dos resaltes que se formam ao desgastarse os estratos rochosos.

